

www.sosracismogalicia.org

SOS RACISMO Galicia

INFORME ANUAL

2023

RACISMO E XENOFOBIA NA GALIZA

Elabora
SOS Racismo Galicia

Financia
Xunta de Galicia

Publicación
2024, Galicia

SOS Racismo Galicia ofrece un espazo de información e denuncia para aquelas persoas que teñan sido vítimas ou testemuñas de comportamentos racistas ou xenófobos, que teñan provocado agresión, vulneración dos dereitos fundamentais, aplicación desigual de dereitos e da igualdade de oportunidades. Actualmente dispoñemos de dúas oficinas de atención dentro do territorio galego: unha na Coruña e outra na cidade de Vigo.

As principais liñas de intervención son:

1. Información e asesoramento: asesoría integral e gratuíta a toda persoa que teña sido vítima ou testemuña dunha actitude racista ou xenófoba ou ben teña sospeitas do exercicio de situacións discriminatorias.
2. Resarcimento do dano: O principal elemento diferencial das nosas OID é que tratamos non só de tornar visíbel o delito que sofren estas vítimas, senón que damos un paso máis aló tratando de loitar tanto por unha condena xudicial que penalice aos causantes destes delitos, como pola necesidade da persoa que sofre o delito de sentirse protexida e recoñecida socialmente como vítima.
3. Prevención dos delitos xenófobos, racistas e de odio. As nosas OID traballan na prevención deste tipo de comportamentos en todos os espazos da nosa sociedade. Traballamos promovendo posicións proactivas cara á diversidade en rede con outras entidades e movementos sociais, xunto a centros educativos, profesionais, universidades, organizacións de mulleres, etc. desde idades temperás.

Para elo:

a. Apoio xurídico e administrativo a aquelas persoas que fosen vítimas de discriminación racista e/ou xenófoba.
b. Denunciamos calquera tipo de feito discriminatorio.
c. Mediamos en casos de conflitos culturais ou de calquera outro tipo.
d. Informamos dos seus dereitos ás persoas pertencentes a minorías étnicas.
e. Documentamos os casos de racismo e xenofobia que teñen lugar en Galicia para a súa posterior publicación nos Informes Anuais sobre o Racismo no Estado español.
f. Realizamos actividades de formación e concienciación.

A primeira fonte para a elaboración do Informe Anual constitúena as vulneracións e denuncias que se recollen nas Oficinas de Información e Denuncia (OID) en Galicia (A Coruña e Vigo) e que corresponden a diferentes tipos de discriminación por motivos racistas: discriminación laboral, no acceso a prestacións públicas, conflitos veciñais, etc.

As oficinas de SOS Racismo Galicia tentan combater as situacións de racismo e xenofobia mediante o proxecto de OID, ofrecendo un servizo de atención integral a aquelas persoas afectadas ou que foran testemuñas de situacións de discriminación por racismo ou xenofobia, mediante unha atención completa e unha asesoría xurídica e social de balde. O informe, está constituído pola relación de aqueles casos de discriminación xenófoba ou racista coñecidos polas Oficinas de Información e Denuncia en Galicia, de modo que non pretende mostrar o total dos casos acontecidos en territorio galego, se non que os asuntos e as cifras recollidas neste informe apenas reflicten una parte da realidade, sendo as condutas discriminatorias acontecidas realmente maiores que as mostradas.

As situacións discriminatorias son recollidas por SOS Racismo Galicia como observatorio, tanto por ter tido coñecemento das mesmas, por derivación das entidades coas que se traballa en rede, como a través do servizo de asesoramento ás persoas que sufriron ou que foron testemuñas de condutas racistas/xenófobas. Existe unha barreira entre as discriminacións existentes e as discriminacións das que se toma conciencia e se denuncian, sendo un dos maiores obstáculos á hora de denunciar a situación e o contexto da persoa que sofre a conduta discriminatoria.

Deste xeito, moitas das persoas que sofren cada día o racismo e a xenofobia non denuncian estes conflitos pola súa situación de irregularidade administrativa, polo medo e a inseguridade que xera o momento da denuncia, polo descoñecemento de dereitos ou pola idea xeneralizada de que a denuncia non vai ter efectos ou non vai solucionar o problema concreto, entre outros moitos motivos.



O total de casos de discriminación ou vulneración de dereitos acontecidos en Galicia no ano 2023 e recollidos polas OID (Oficinas de Información e Denuncia) ascende a un total de **76** (cun total de **827** persoas atendidas) o que supón, por primeira vez dende 2019, un descenso das vulneracións recollidas respecto aos anos anteriores **2022 (214)**, **2021 (211)**, **2020 (154)** e en **2019 (135)**.

Neste senso, igual que cando os casos aumentan explicamos que o aumento na recollida de vulneracións non significa necesariamente que o racismo e a xenofobia teñan variado na mesma proporción, porque os casos que chegan a SOS Racismo Galicia son apenas unha parte da realidade, unha fotografía que non pretende reflectir as condutas discriminatorias na súa totalidade, el descenso producido no significa que el racismo y la xenofobia hayan disminuido en la misma proporción. No solo por lo que decimos de que los casos recogidos son solo una pequeña parte de la realidad, sino porque en este hecho entran en juego circunstancias como la disminución de presupuesto de SOS Racismo Galicia que llevó aparejada la disminución de personal, por tanto, nuestra capacidad de recogida de datos se vio mermada también.

Aínda que sexa unha ínfima parte a que chega ás nosas oficinas, os datos, certifican que ano tras ano o traballo feito polas OID é unha labor importante que plasma o que acontece e que poucas veces recibe atención, e que tal e como a gráfica unhas liñas máis abaixo plasma, trátase dunha tendencia que se vai incrementando co paso dos anos a pesar do pequeno descenso deste ano.

Non podemos deixar de insistir no fenómeno da **INFRADENUNCIA** en materia de episodios racistas e xenófobos. Segundo os datos do Ministerio de Igualdade so o 18,2% das persoas que experimentan unha situación discriminatoria por motivos raciais ou étnicos presentou algunha queixa, reclamación ou denuncia.

Segundo estes datos oficiais non se denuncia por: desconfianza na utilidade da denuncia (22%); minimización e/ou xustificación da situación de discriminación (25%); por descoñecemento de cómo facelo ou por problemas de idioma (11%); por posibles represalias ou medo a que xere problemas en residencia e regularización (10%).

Para poder facer frente a esta realidade, dende SOS RACISMO GALICIA apostamos por tentar abordar os casos e as situacións dende unha perspectiva de confianza e acompañamento constante que vaia máis aló da simple consulta xurídica sobre as posibilidades da denuncia. Ser persoas de referencia durante todo o proceso, xa sexa administrativo o xudicial, resulta fundamental para acabar coas reticencias das persoas, ó medo ás represalias, así como para facer forte a posición da denunciante ante posibles abusos dos axentes discriminadores.


As persoas víctimas deste sistema racista e opresor precisan de persoas aliadas que acompañen e denuncien, sen actitudes paternalistas ou "salvadoras" que poñan ás perxudicadas no centro e esixan a necesaria reparación integral.

DATOS E RELACIÓN DE CASOS

EVOLUCIÓN DOS DATOS DE VULNERACIÓNS

Pasaremos de seguido a ir comentando os casos recollidos en función das variábeis consideradas importantes para o noso estudo, nun intento de reflexar a vivencia de moitas persoas que residen na comunidade galega.


VULNERACIÓNS POR PROVINCIAS



Como se aprecia neste gráfico, o número de expedientes de infraccións recollidos nas provincias de Pontevedra e A Coruña é moi superior ao de Lugo e Ourense. De feito, non temos constancia desta última provincia. Isto ten unha explicación sinxela, as nosas oficinas están en Vigo e Na Coruña e, aínda que atendemos casos de toda Galicia, a nosa presenza é menos coñecida nas provincias nas que non temos sede física.

Dende SOS RACISMO GALICIA seguimos a traballar para expandir a presenxa das OID nos diferentes territorios, así como a seguir tecendo redes con entidades e colectivos que nos permitan coñecer, derivar e atender cada vvez máis casos de vulneracións.

VULNERACIÓNS SEGUNDO XÉNERO



Un ano máis, a maioría das persoas que acuden ás nosas oficinas son de xénero femenino. Ano tras ano, desagregamos os datos das persoas atendidas segundo o seu xénero. E iso porque parécenos fundamental ter en conta a variabel do xénero como un dos factores determinantes nas experiencias migratorias das persoas que atendemos nas nosas oficinas.

Tanto o Pacto Mundial para a Migración como a Declaración de Nueva York para os Refuxiados e os Migrantes fan un chamamento para que se desglose una maior cantidade de datos sobre a migración en función do sexo.

Como podemos comprobar, este ao 2023 confirmouse a tendencia xa observada no 2022 e son as mulleres (93) as que máis sofren os episodios de vulneracións por enriba dos homes (80).

O feito de ser muller, además de persoa migrante ou racializada, incrementa a situación de desvantaxe. A etnia, a raza e o xénero sumánse para poñer ás mulleres que atendemos no "punto de mira" dos diferentes axentes discriminadores, tal e como máis adiante analizaremos detidamente.

VULNERACIÓNS SEGUNDO A IDADE


Ao igual que pasaba co xénero, a idade é un factor que debería de ser tido en conta como fundamental variabel nas situacións de discriminación. Non só pola especial vulnerabilidade das crianzas, senon tamén para ser quen de artellar intervencións e ferramentas específicamente adicadas a este colectivo.

Á hora de recoller as infraccións que sofren os menores atopámonos coa dificultade engadida da situación administrativa dos seus pais, que adoita ser determinante para denunciar ou non a vulneración dos seus dereitos.

Este ano 2023 tan só tivemos un expediente de vulneración no que a perxdicada era unha menor de idade.

VULNERACIÓNS SEGUNDO A SITUACIÓN ADMINISTRATIVA

En 2023 continúa a tendencia iniciada en 2022, na que a maior parte das infraccións son sufridas por persoas en situación administrativa irregular.




A situación administrativa, aínda que non é un factor determinante, é un factor que aumenta moito as posibilidades de sufrir vulneracións de dereitos, como se pode ver neste gráfico. Elo débese, en gran parte, ao racismo institucional que sofren as persoas nos seus procesos de regularización e no recoñecementos dos seus dereitos cando carecen de permiso de residencia.

Porén, non podemos esquecernos que o racismo afecta a persoas en situación administrativa regular e tamén a persoas nacionais ou nacionalizadas, porque non podemos confundir o racismo coa xenofobia, inda que moitas veces constitúen factores ou circunstancias que se entrelazan nos procesos discriminatorios.

VULNERACIÓNS SEGUNDO O TERRITORIO DE ORIXE

Desta gráfica podemos comprobar como a gran maioría das violacións de dereitos son sufridas por persoas que veñen de Abya Yala. Hai que ter en conta, neste caso, que tamén representan a maioría da poboación migrante da nosa comunidade e que teñen unha maior dispoñibilidade e facilidade para acudir ás nosas oficinas, entre outras cousas, pola ausencia da barreira lingüística.

A realidade migratoria na nosa Comunidade Autónoma rompe cos perigosos discursos xenófobos dalgúns sectores da nosa sociedade, e sobre todo de certos axentes políticos e de comunicacións que bombardean á opinión pública con termos tan terribles como "avalancha" referíndose á migración procedente de África; nun intento de calificar a unha migración "de primeiro" e "outra de segunda", só polo feito dos paises de orixe de cada unha.



VULNERACIÓNS SEGUNDO O AXENTE DISCRIMINADOR


Igual de importante resulta coñecer as circunstancias e perfil das persoas que sofren as discriminacións, resulta entender e comprobar de onde proveñen esas discriminacións.

Ano tras ano o principal axente discriminatorio é a administración pública e o funcionariado. En segundo lugar, este ano atopámonos con persoas físicas, modificando este dato respecto a 2022 no que as entidades privadas ocupaban o segundo lugar.

Como dicimos, son os entes públicos e o persoal funcionario os que encabezan esta gráfica cada ano, sen que os poderes públicos poñan en marcha medidas de sanción, prevención, educación ou sensibilización.

Este pode explicarse principalmente porque as administracións públicas envolven un racismo institucional baixo prácticas carentes de cobertura, pero aparentemente lexitimadas por normas extremadamente racistas que supoñen á ausencia case efectiva de dereitos sociais, educaivos e de saude para ás persoas en situación administrativa irregular.

Asi mesmo, a visión etnocéntrica co que o persoal funcionario achégase ás usuarias e usuarios provoca que ano tras ano, as vulneracións acontecidas nos servizos públicos sexan as prioritarias.



VULNERACIÓNS SEGUNDO A TIPOLOXÍA

Seguindo co que acabamos de expoñer, no 2023 confirmouse a tendenza de anos anteriores e o racismo institucional sitúase como a tipoloxía de vulneracións maioritaria.

Máis adiante analizaremos máis polo miudo a relevancia que sobre a vidas das persoas que atendemos ten o comportamento e resolucións dunha Administración Pública racista e xenófoba. Un ano máis os principais focos do recismo institucional o constitúen os procedementos de estranxeiría, con atrancos na solicitude de citas, a demora na resolución de expedientes e as denegacións inxustificadas.

Este ano, os conflictos e as agresións colócanse en segundo lugar, por riba da denegación de acceso a servizos privados, que ano tras ano, era sempre a segunda tipificación nas vulneracións.

Os casos de conflictos e agresións prodúcense tanto en espazos públicos como privados e aos que se suman os casos de discurso de odio. Moitas das denucnias que nos chegaron neste ano relacionadas con estas tipoloxías entermezclan ambas, atopando agresións, ou conflictos sen violencia física, pero si empapadas de discursos trementadamente racistas e xenófobos.

Na denegación de acceso a servizos privados atopamos servizos tan fundamentais como a vivenda, a formación, o ocio ou os servizos bancarios.

No 2023 aumentaron moi considerablemente os casos de discriminación laboral, con situacións recurrentes de abuso e precariedade.

Na denegación de acceso a servizos públicos, voltamos a comprobar como a maioría dos supostos ocorren no ámbito da sáude con negativas de atención sanitaria e facturacións improcedentes.

VULNERACIÓNS SEGUNDO O ÁMBITO

Este apartado é no que máis cambios observamos con respecto ao 2022.

Aínda que estranxeiría segue a ser o ámbito no que máis vulneracións de dereitos se producen por mor dos atrasos, como dixemos, non só na tramitación das autorizacións de residencia e expedientes de inmigración, nacionalidade, pero tamén en relación aos tempos de espera para obter citas tanto para a expedición do TIE como para a xuramento da nacionalidade.


Os ataques e os discursos de odio ocuparon o quinto lugar en 2022, porén este ano, subiron ao segundo lugar. A pesar de non ser datos absolutos como dixemos dende o principio, este incremento parécenos preocupante e alarmante. Inclúe non só as agresións físicas motivadas pola cor da pel, a orixe ou os rasgos dunha persoa, senón tamén todas aquelas situacións de insultos e humillacións que, aínda que non supoñen violencia física, son igualmente gravemente perxudiciais para quen as padece.

No ámbito "emprego" incluímos todas as situacións de explotación laboral ás que están sometidas as persoas migrantes, a maioría delas en situación administrativa irregular. Os ámbitos nos que máis atopamos esta situación é no ámbito dos coidados, traballos relacionados coa atención ás persoas maiores e crianzas, o traballo no fogar e a construción.

No tocante á sanidade, atopámonos con situacións tan graves como a denegación da atención sanitaria a menores, nas emerxencias ou a facturación da muller en situacións de parto e posparto.

En quinto lugar atopamos a discriminación no ámbito da vivenda. O Estado Español ten un gran problema neste ámbito, un problema do que Galicia non está exenta. Se xa é difícil atopar unha vivenda en condicións de habitabilidade a un prezo razoable, aínda é máis difícil cando resulta completamente imposible cubrir os requisitos esixidos por propietarios e inmobiliarias, por mor dunha lei de estranxeiría que impide ás persoas migrantes obter un contrato de traballoo ou un salario digno. A esto unimos os recelos racistas das axencias e das propiedades que exclúen do mercado inmobiliario a persoas pola súa orixe, o seu acento ou os seus rasgos fenotípicos.

Chámanos a atención positivamente o descenso dos incumprimentos sufridos no sector bancario, que pasou do terceiro posto en 2022 ao sétimo este ano.



A continuación, profundizaremos nos datos que acabamos de amosar, revisando casos particulares nos que estivemos traballando este ano (os nomes das persoas afectadas son ficticios para preservar a súa intimidade).

DISCRIMINACIÓN NO ACCESO A SERVIZOS PRIVADOS

BANCA Esteban

Ainda que como dixemos na exposición dos datos sobre a tipoloxía das vulneracións, o sector bancario rebaixou a súa presencia no 2023, non podemos deixa de facer especial mención ás denegacións de acceso a contas bancarias e aos bloqueos de contas que diariamente suceden na nosa comunidade.

Podería pensarse que os productos bancarios non constitúen un servizo privado o suficientemente relevante como para incluirse nunha categoría expecífica. Ou que, incluso, a dificultade de acceso a ditos servizos non debería de revestir especial gravidade. Nada máis lonxe da realidade.

Debemos por sobre a mesa que moitas das persoas migrantes que chegan a esta comunidade, logo do período de estancia como turista, quedan en situación administrativa irregular, sen ningún tipo de permiso de residencia e traballo.

Esta situación impide que as persoas poidan satisfacer as súas necesiades máis básicas, como vivenda e alimentos. Ante esta terrible situación de necesidade extrema, as persoas acuden, en exercicio dos seus dereitos, ás administracións públcias, principamente Concello, pero tamén Xunta para solilcitar as axudas económicas para as persoas en situación de precariedade.

O trato recibido nestas instancias será exame doutra apartado, pero no que agora nos interesa, todas e cada unha das axudas ás que poidan ter dereito esta persoas, esixen ser titular dunha conta bancaria na que a administración fará o ingreso do importe concedido.

E ahí xurde o problema. Á burocracias, desidia e aleatoriedade da tramitación deste tipo de axudas, súmansse, no caso das compañeiras migrantes, a dificultade, por non dicir case a imposibilidade de conseguir a contratación desa requerida conta bancaria. Polo que, en numerosísimos casos, as axudas nunca chegan por non ser capaz a persoa de contratar unha conta nunha entidade financieira.

Nos informes anteriores xa temos explicado como dende 2017 as entidades bancarias teñen a obirga de facilitar a contratación das chamadas constas de pago básicas, que poden abrirse identificándose co pasaporte (meido legal de identificaicon, admitido en todos os ámbitos). Porén a día de hoxe, e 7 anos despois da entrada en vigor do Real Decreto que aprobou ditas constas bancarias, persoas como Esteban, perderon a ocasión de percibir unha axuda de emerxencia municipal por non ter sido capaz de abrir unha contabancaria.

E elo a pesar de telo acompañado á oficina da entidade e enviar a correspondente reclamación ao Banco de España.

Á vida non agarda polos longos trámites administrativos. A miseria supera aos dereitos.

VIVENDA Bibiana

Tal e como xa espuxemos as vulneracións nun tema tan fundamental como é o da vivenda supoñen un grave ataque contras oa dereitos máis básicos das persoas.

A vivenda é un ben de primeira necesidade ao que en numerosas ocasións non teñen acceso as persoas migrantes e/ou racializadas.

Constantemente chegan ás nosas oficinas desesperadas pola enorme dificultade de consegir aaceder a unha vivenda en réxime de alugueiro.

As casuísticas das vulneracións en tema de vivenda varían dende as prácticas máis evidentes e flagrantes como engadir nos anuncios "absténgase extranjeros", "solo nacionales" non persoas de fora" (expresións todas atopadas en anuncios reais de portais inmobiliarios), ata prácticas máis "veladas" como esixir condicións moito máis gravosas para persoas migrantes, por exemplo. Este foi o caso de Bibiana.

Bibiana acude á oficina nun principio para aclarar certas dúbidas sobre o seu proceso de regularización.

Porén, no transcurso da conversa, trasládanos que actualmente está residindo nunha vivenda en moi malas condicións hixiénico-sanitarias, pola que tivo que aboar para poder alugala unha suma equivalente a un ano de mensualidades como fianza. Conta case con certa normalidade e resignación, que o proceso de alugar unha vivenda para ela e a súa familia (menores incluidos) resultou unha sorte de "calvario". Bibiana relata cómo ao chamar aos anunciantes moitos directamente negaban o alugueiro ao escoitar o seu acento. Cando conseguiu concertar as citas para visitar as vivendas, todo foron atrancos e requisitos imposibles de cumplir, por non ter permiso de residencia.

Esto fai que, como Bibiana, moitas compañeiras racializadas e/ou migrantes acaben aceptando alugueiros de inmobles que non reunen as condicións de habitabilidade necesarias e comprometéndose a unhas condicións económicas abusivas e inxustas.

DISCRIMINACIÓN NO ACCESO A SERVIZOS PÚBLICOS

SAÚDE **Mayra**

Non nos cansaremos de recoller nos sucesivos informes anuais a gravidade da situación das compañeiras migrantes cando se enfrontan a situacións tan sumamente relevantes e cruciais como todas as que teñen que ver coa saúde e a integridade física e emocional das persoas.

Queremos destacar o importante ascenso dos casos de vulneracións no eido da saúde a asistencia sanitaria no último ano e tamen mentras redactamos este informe no 2024.

A pesar de que o SERGAS é perfectamente coñecedor, como non podería ser doutra forma, de que os casos de urxencias, menores de idade, así como embarazo parto e post parto están plenamente recollidas na lexislación vixente como situacións nas que a asistencia sanitaria é obrigatoria e gratuita, non deixamos de recibir xente que acode con facturacións nesas circunstancias e o que, incluso resulta más grave, xon denegacións de asistencias.

Ese foi o caso de **Mayra**. Mayra acode á nosa oficina acompañada doa súa crianza recén nada, de apenas mes e medio. Trasládanos que en canto á nena naceu, acudiu ao seu centro de saúde para comezar coas revisións periódicamente pautadas polo SERGAS, así como coas vacinas correspondentes. Poén, ao explicar a súa situación administrativa irregular, a funcionaria do mostrador explícalle literalmente que "a nena non está asegurada" e que cando teña DNI ten que dala de alta na Seguridade Social" "que ata que teña DNI non pode ser asistida nin revisada polo servizo de pediatría".

O feito de que se instaure unha política pública ou institucional por parte da Xunta para facturar todas aquelas asistencias a persoas en situación administrativa irregular que non estén cubertas polo Programa Galego de Protección Social da Saúde Pública, incluindo esas situacións legalmente amparadas como as urxencias e os menores, resulta unha práctica que dende anos temos asumida e que imos paliando coa presentación de alegacións e recurso que, na meirande parte das veces, resultan fructuosas.

Ahora ben, asumir, como está pasando nestes útlimo meses, que sexan as propias profesionais sanitarias as que deneguen o acceso á saúde a persoas cunha urxencia ou a menores ou mulleres embarazadas resulta de todo inaceptable, incomprensible e terriblemente preocupante.

Podemos arranxar unha facturación ilegal cun recurso e solucionar o problema. Pero non podemos facer nada a posteriori cun bebé ao que non se lle atende ou vacina porque a súa nai non ten permiso de residencia. Debemos tomar conciencia da gravidade da situación que estase a extender nos servicios médicos públicos da nosa comunidade e facer unha denuncia pública e contundente ate conseguir o cese destas prácticas senon queremos toparnos coas graves consecuencias das mesmas.



RACISMO INSTITUCIONAL

Como xa comentábamos na presentación do informe, o Racismo Institucional ven de supoñer o ámbito onde se producen a maior parte das discriminacións coas que traballamos este ano 2023.

O concepto de Racismo Institucional nace no contexto norteamericano das loitas polos dereitos dos afroamericanos en Estados Unidos dos anos 60. Carmichael e Hamilton utilizaron a expresión "racismo institucional" para referirse aos ordenamentos legais e pautas de conducta establecidos cos que las persoas brancas oprimían ás persoas negras.

Ambos autores puxeron o acento no carácter sistemático, estructural e implícito do racismo, como fenómeno radicado no funcionamento da sociedade, e independente das intencións e conciencia dos actores.

O racismo institucional pódese observar en diferentes ámbitos, entre os que destacan, pola súa importancia, os seguintes:

a. Os discursos públicos de representantes institucionais que lexitiman o rexeitamente ás persoas migrantes e/ou racializadas.

Lamentablemente este tipo de expresións, discursos e reivindicacións ven de aumentar exponencialmente tanto na nosa Comunidade como no resto deo Estado Español.

Poderíamos recoller centenares de expresións, bulos e discursos vertidos por representantes políticos durante todo o 2023 tremendamente racistas e xenófobos, que veñen de situarse nos límites da liberdade de expresión.

Dende a nosa entidade abogamos porque este tipo de discursos sexan tomados en serio polas autoridades políticas e xudiciais. Existirá sempre o eterno debate entre o dereito á liberdade de expresión ao que todas as persoas (supostamente) temos dereito e a perigosidade dos discursos, bulos, manipulacións e

ELECCIONES CATALANAS >

Feijóo asume el discurso de Vox en Cataluña: "Pido el voto a los que no admiten que la inmigración ilegal ocupe nuestros domicilios"

Durante un mitin de la campaña electoral catalana, el líder del PP ha vinculado a los migrantes irregulares con problemas de seguridad



eslogáns racistas que empapan as redes e os medios de comunicación, día tras día.

Debemos esixir a necesaria responsabilidade ás persoas que ostentan un cargo de responsabilidade política ou xestión pública, porque xa non estamos falando de estratexias discursivas ou mera desinformación, estamos perante auténticas manifestacións de odio que, desgrazadamente, van calando no ideario común con terribles consecuencias para as vidas das compañeiras migrantes e/ou racializadas.

b. En segundo lugar, atopámonos co conxunto de leis, normas, medidas, regulacións e procedimientos burocráticos que producen desigualdade e limitan os dereitos sociais, políticos, económicos e culturais das persoas migrantes.

O maior expoñente desta vertente do racismo institucional a atopamos na Lei de Estranxeiría co Regulamento que a desenrola (LO 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social / Real Decreto 557/2011, de 20 de abril).

O marco regulatorio implementado por esta Lei coloca ás persoas migrantes nunha situación de precariedad, de maneira dolosa e intencionada, condenando ás persoas que chegan ao estado español a subsitir sen permiso de residencia e traballo, realizando traballos irregulares sen as minimas condicións e dereitos laborais.

As políticas públicas teñen efectos discriminatorios, directos e indirectos, en diferentes ámbitos. Incluimos aquí tanto

as políticas migratorias do Estado como as políticas sociais de educación, saúde, emprego, servicios sociais, vivenda, etc.

c. Por último, atopamos as accións ou inaccións exercidas por persoas que representan e traballan nas institucións.

A importancia de definir deste modo o racismo institucional estriba en que integra tanto os seus elementos estrictamente sistémicos ou estructurais, como os sus elementos conductuais vinculados ás accións de moi diversas persoas eno exercicio das súas funcións.

Saúl

Poderíamos recoller neste informe multitude dos casos de racismo institucional cos que nos atopamos: denegacións de residencia por antecedentes policiais e non xudiciais, imposibilidade de conseguir citas para calquer trámite en estranxeiría, apertur aleatorias de ordes de expulsión, desinformación nas oficinas, etc,.....

Pero queremos recoller o caso de Saúl, por ser un episodio que se ven de repetir día tras día. Tràtase dunha práctica tan extendida e aceptada como ilegal e inxustificada. Falamos da necesidade de aportar o certificado ou volante de empadronamento nas manifestacións das solicitudes de protección internacional. A Policía Nacional non admimte solciitudes de asilo senon se aporta un padrón da localidade onde radica esa comisaría.

Eso foi o que lle sucedeu a Saúl. Saúl viaxou ate a cidade de Vigo dende Colomia, o seu país de orixe. E estivo informándose do procedemento de solicitude asilo. O marco normativo atopámolo na Lei 12/2009, de 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria.

No artigo 17 desta norma regúlase o procedemento de solciitude establecendo que:

1. El procedimiento se inicia con la presentación de la solicitud, que deberá efectuarse mediante comparecencia personal de los interesados que soliciten protección en los lugares que reglamentariamente se establezcan, o en caso de imposibilidad física o legal, mediante persona que lo represente. En este último caso, el solicitante deberá ratificar la petición una vez desaparezca el impedimento.
2. La comparecencia deberá realizarse sin demora y en todo caso en el plazo máximo de un mes desde la entrada en el territorio español o, en todo caso, desde que se produzcan los acontecimientos que justifiquen el temor fundado de persecución o daños graves. A estos efectos, la entrada ilegal en territorio español no podrá ser sancionada cuando haya sido realizada por persona que



reúna los requisitos para ser beneficiaria de la protección internacional prevista en esta Ley.

Además, en canto ás obrigas das persoas solicitantes de asilo o artigo 18 establece que:

2. Serán obligaciones de los solicitantes de protección internacional las siguientes:
   a. cooperar con las autoridades españolas en el procedimiento para la concesión de protección internacional;
   b. presentar, lo antes posible, todos aquellos elementos que, junto a su propia declaración, contribuyan a fundamentar su solicitud. Entre otros, podrán presentar la documentación de que dispongan sobre su edad, pasado –incluido el de parientes relacionados–, identidad, nacionalidad o nacionalidades, lugares de anterior residencia, solicitudes de protección internacional previas, itinerarios de viaje, documentos de viaje y motivos por los que solicita la protección;
   c. proporcionar sus impresiones dactilares, permitir ser fotografiados y, en su caso, consentir que sean grabadas sus declaraciones, siempre que hayan sido previamente informados sobre este último extremo;
   d. informar sobre su domicilio en España y cualquier cambio que se produzca en él;
   e. informar, asimismo, a la autoridad competente o comparecer ante ella, cuando así se les requiera con relación a cualquier circunstancia de su solicitud."

Como podemos observar, en ningún momento da lei establecese que é preciso presentar o empadronamento no momento da solciitude. Porén é unha práctica que se repite en todas as Comisarías da nosa comunidade autónoma. Coa dificultade que eso supón para as persoas solicitantes quen en moitísimas ocasións non teñen posibilidade de acceder a un empadronamento.

A eso temos que sumar os elevados retrasos nas tramitacións das solicitudes. Na cidade de Pontevedra, por poñer un explo concreto, a realización da entrevista estase demorando unha media de dous anos (cando a lei estabelce que a entrevista ten que facerse no prazo máximo dun mes).

Co actual modelo de soloicitude de asilo estanse a infrinxir os dereitos das persoas solicitantes, sen que por pate da Administración non só non se tomen medidas correctoras, senon que se impoñan normas non escritas que entorpecen e vacían de contido e utilidade a figura do asilo.



DISCRIMINACIÓN LABORAL

Como xa dixemos, este ano aumentaron exponencialmente os casos de discriminación laboral.

Atopamos ducias de mulleres traballando no ámbito dos coidados e no fogar en condicións extremas, traballando como internas por salarios miserentes, carentes da cobertura e dereitos sociais e laborais, sen descanso e con empregadores autoritarios e déspotas.

Porén, queremos facer relación a un caso concreto pola gravidade do mesmo.

Un día chegou un rapaz á oficina e díxonos que vira unha oferta de traballo nunha coñecida web de publicidade. Púxose en contacto co anunciante que lle explicou que as funcións consistían en facer reformas nun local, que asinaría un contrato e lle pagaría 1.200 euros. O rapaz descoñecía que, chegando a España hai menos dun mes, non era posible conseguir un contrato de traballo porque a lei non o permite, polo que nada lle fixo desconfiar e aceptou o traballo.

Como o local a reformar estaba noutro concello, ofrecíalle a posibilidade de aloxamento a moi bo prezo para poder aforrar transporte. Neste concepto solicitou 500 euros de antelación para o primeiro mes e a fianza.

Non se viu o aloxamento, nin o contrato nin o soldo. Pero sí o traballo.

Cando nos deu a información da patronal, descubrimos que se trataba da mesma persoa contra a que xa se están a levar procesos penais por multitude de delitos (fraude, lesións, trata de persoas, delitos contra traballadores, etc.) nos que se atopa SOS Racismo Galicia implicado como acusación privada e cuxo xuízo está previsto para abril de 2025.

Falamos con este mozo e preguntámoslle se había outras persoas na súa situación. Díxonos que si, que eran moitos. E reunímonos con 18 persoas. Todos eles eran persoas en situación irregular que levaban moi pouco tempo en España, que carecían de recursos económicos ou sociais, nin de rede de apoio. É dicir, tremendamente vulnerable.

Contáronnos que os tiñan durmindo sobre cartolinas no chan no mesmo lugar que estaban a reformar, sen auga corrente nin luz. Que os defraudou a todos co seu aloxamento e que nunca lles pagou o traballo realizado. Para que non marchasen, amedrentounos dicíndolles que se os vía a policía os deportarían. Pero non só iso.

Nesa reunión, ademais das supostas estafas, ameazas, coaccións, trata de persoas, etc., descubrimos que supostamente había dúas vítimas de delitos contra a liberdade sexual con submisión química. Unha delas era unha menor que, polo medo que tiña, non quixo denunciar.

O certo é que por unha serie de circunstancias, a menor acabou contando o sucedido cos efectivos sanitarios que a atenderon nunha ocasión cando tivo que acudir a urxencias e avisaron á Garda Civil que iniciou unha investigación.

Unha vez que o Equipo Territorial da Policía Xudicial do GC de Cambre falou con esta moza, puxéronse en contacto con outra das vítimas que lles falou de nós e do traballo que estabamos facendo con ela e os seus compañeiros.

Así comezou a investigación da ETPJ de Cambre coa que colaboramos, resultando un total de 23 vítimas desta persoa no que denominaron "Operación Loraba".

O caso comezou a investigarse como un único informe, aínda que actualmente está dividido en cinco dilixencias diferentes. Un por supostos delitos de carácter sexual contra tres mulleres, outro por delitos de trata de persoas, ameazas, delitos contra traballadores, estafa, etc. contra 23 persoas, outros dous por detencións ilegais e un último por fraude eléctrica.

Na actualidade, o investigado por estes feitos atópase en prisión provisional.

Polo número de vítimas e pola gravidade dos feitos, a operación tivo unha gran repercusión mediática, sendo eco de medios locais e nacionais.

As vítimas obtiveron autorización temporal de residencia e traballo para vítimas de trata.


Detienen a un vecino de Mesía por trata de personas en situación irregular

LA VOZ
MESÍA

La Guardia Civil también lo investigó por delitos de explotación laboral, agresión sexual, prostitución, detención ilegal, daños contra la integridad moral, estafa y defraudación del fluido eléctrico

CONFLICTOS OU AGRESIÓNS

Abdou

Un ano máis, tivemos que traballar coa parte máis violenta e visible do racismo e a xenofobia: as agresións e os conflictos.

Abdou é un mozo de orixe marroquí que sufriu agresións tanto físicas como verbais por parte do seu antigo empregador. Unha discusión que comezou por unha débeda que o empresario tiña con el rematou cun ataque que causou feridas tanto físicas como psíquicas a Abdou, que tivo que ser atendido nunha ambulancia non só polas malleiras senón polo ataque de ansiedade que se produciu.

Atacáronno e insultárono dúas persoas, facendo comentarios despectivos sobre a súa orixe e a súa relixión.

A pesar de estar todo constatado e de levarse ao xulgado correspondente, o xuíz considera que non hai delito sen sequera tomar declaración aos agresores. Dende a OID de SOS Racismo Galicia presentamos un recurso ante a Audiencia Provincial que acordou con nós e ordenou reabrir a causa, aínda que o xuíz aceptou tomar declaración ás testemuñas.

Estamos ante unha mostra máis da falta de concienciación da administración de xustiza en materia de discriminación. Por sorte, Abdou non se rendeu e quixo continuar co procedemento xudicial. Porén, por desgraza, en moitas ocasións as vítimas destes delitos renuncian cando van á administración de xustiza e atopan un muro branco infranqueable.

A esto nos referíamos ao principio do informe cando falamos das causas da infradenuncia.

Matías

Roxana chega á nosa oficina visiblemente afectada polo episodio sufrido polo seu esposo, Matías. Trasládanos que uns días atrás estaban os dous cenando nun local da vidade de Vigo cando un home empeza sen motivo aparente, a increpalos con frases xenófobas e referidas ao seu acento e á súa apariencia física.

Matías tenta rematar con dito comportamento dunha maneira calmada (a pesar da violencia da situación) e tentando falar co agresor. Éste, lonxe de calmarse, aumenta a gravidade dos insultos xenófobos, ata que o dono do local obriga ao agresor e ao seu acompañante a sair do establecemento.

Parecería que todo tivera rematada, cando, Matías e Roxana, rematan de cear e saen do restaurante. Xusto nese momento, na saída do local, oo agresor está agardando por eles e propina un botellazo a Matías que lle provoca unha brecha na cabeza. Roxana avisa ao encargado do local,, quen chama á policía que se personan case inmeditamente e levantan o atestado.

O agresor queda identificado e Matias é asistido no servizo de urxencias onde teñen que administralle puntos de sutura.

Ante a nosa sorpresa, Roxana, cando nos traslada o acontecido está case máis preocupada polo procedemento xudicial que se incoa a raiz da agresión, que coa agresión en sí mesma. Ambos, Matías e Roxana atópanse en Vigo en situación administrativa irregular. Este feito fai que os dous estén terriblemente asustados coas consecuencias que para eles pode ter o proceso penal contra o agresor detido. Podería parecer un sin sentido, se non fose porque esta situación repítese insistentemente. Desgraciadamente, estamos acostumadas na OID a atoparnos con víctimas de situacións tran graves como as de Matías ás que o feito de acudir a unha comisaría a denunciar ou que lles notifiquen do xulgado lles provoca moito medo e ansiedade.

Explicamos a Roxana que Matías é o perxudicado, e ella unha testemuñas. Que o proceso xudicial está destinado a protexelos e reparalos e que ninguna consecuencia negativa vai ter para eles por non contar con permiso de residencia.

Roxana queda máis tranquila e concertamos unha cita con Matías para explicarlle como vai ser a tramitación e os prosibles resultados do xuizo (pendente a día de hoxe de celebrarse).

DISCURSO DE ODIO


Como cada ano, tivemos que comprobar como as redes énchense de manifestacións, opinións e afirmacións discriminatorias, difamatorias e violentas contra persoas e/u colectivos por mor da súa orixe, rasgos fenotípicos ou relixión.

As persoas migrantes e7ou racializadas seguen sendo obxeto de ataques e comentarios terriblemente xenófobos e racistas. Pero, ¿podemos denunciar estes comentarios por constituir discurso de odio?

A tensión entre a liberdade de expresión e a necesidade de erradicar o discurso de odio e protexere ás persoas e colectivos vulnerables e discriminados fai que, na meirande parte dos casos estos discursos e manifestacións queden impunes.

Existe un "Código de Conducta para la lucha contra la incitación ilegal al odio en internet" asinado en 2016 pola Comisión Europea e varias empresas prestadoras de servicios de aloxamento de datos, e na Recomendación da UE 2018/334 da Comisión Europea, de 1 de marzo de 2018, sobre medidas para combatir eficazmente os contenidos ilícitos en línea.

Segundo dito Código, os discursos de odio refírense aos delitos de discurso de odio (as conductas tipificadas no artifo 510 do Código Penal o aquellos delitos tipificados na lexislación penal española consistentes en actos expresivo-comunicativos aos que fora de aplicación o artigo 22.4ª do Código Penal) e aos discursos de odio que poidan incardinarse nas infraccións previstas nos apartados b) e c) do artigo 23.1 da Lei 19/2007 de 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.



Para a valoración da noción de discurso de odio ilegal, terase en consideración a Decisión Marco 2008/913/JAI do Consello, de 28 de novembro de 2008, relativa á loita contra determinadas formas e manifestacións de racismo e xenofobia mediante o Dereito penal; a Recomendación R (97) 20 do Comité de Ministros do Consello de Europa; a Recomendación de Política Xeral N 15 de la ECRI de 2016, e a Recomendación Xeral N 35 sobre combatir o discurso de odio racista do Comité para a Eliminación da Discriminación Racial de Naciones Unidas.

Como podemos observar, existe unha amplia e especializada regulación sobre o discurso de odio racista e xenófobo. O problema ven cando tentamos dar contido práctico a dita regulación. É dicir, cando tentamos que as plataformas retiren contidos racistas e xenófobos ou cando, as manifestacións revisten carácter penal, inerpoñemos denuncia perante o xulgado ou a fiscalía.

Na meirande parte dos supostos o percorrido da denuncia é escaso, senon nulo, porque os xuices e fiscais (casi na súa totalidade persoas brancas e autóctonas) consideran que ditas expresións quedan amparadas na liberdade de expresión dos agresores. As persoas atacas,, insultadas e discriminadas quedan, case sempre, sen unha necesaria e xusta reparación. Mentras observamos como día a día aumentan os comentarios racistas e os discursos contra a migración sen que, apesar dos protocolos e as recomendacións, teñamos unha ferramenta eficaz para loitar contra esas manifestacións.

Mentras iso non mude, mentras as autoridades políticas e xudiciais non rachen coa súa percepción etnocentrista e eurobranca, dende SOS RACISMO GALICIA apostamos pola denuncia, si, pero tamén pola educación, a formación e a concienciación.

FFCCSE

Rematamos a revisión das tipoloxías de discriminación cunha ollada á actuacións das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. Como queda reflexado nos datos, a actuacións destes axentes policiais non supón unha parte relevante de todas as discriminacións recollidas neste 2023. Pero queremos deternos neste apartado pola gravidade das consecuencias que a actuación destes funcionarios provoca na vida das persoas.

Un ano máis, temos que soportar os comportamentos racistas e abusivos da policía nacional e local.

Voltamos a atoparnos persoas en situación administrativa irregular que son víctimas dun robo da súa carteira e que acuden a comisa´ria para inerpor a denuncia e poder renovar a súa documentación e saén da oficina de denuncias cunha incoación dun expediente de expulsión.

Voltamos a atoparnos identificacións por perfil étnico, paradas e rexistros motivados polos rasgos fenotípicos das persoas.

Voltamos a atoparnos abusos nas detencións, comentarios despectivos, racistas e xenófobos nas intervencións.

E voltamos a atoparnos coa absoluta impunidade coa que os axentes de policía perpetuan o racismo institucional na súa versión máis violenta e agresiva. Porque non son só funcionarios. Son o brazo armado deste Estado racista. Por eso, ainda que na totalidade dos casos que nos chegan ás OIDs, as forzas de seguridade non supoñan unha procentaxe moi relevante, non podemos deixar de falar destas situacións polas terribles consecuencias nas vidas das persoas que só a súa actuación pode ter.

VIOLENCIA POLICIAL

El asesinato de un migrante a tiros por un agente en A Coruña reabre el debate sobre la violencia policial

Colectivos antirracistas y antirrepresivos denuncian el "uso desproporcionado" de la fuerza contra un hombre que portaba una vara de hierro mientras los sindicatos policiales dicen que era "un delincuente que intentó asesinar a un Policía Nacional".

VIOLENCIA POLICIAL

El movimiento antirracista denuncia la "brutalidad policial" del asesinato de A Coruña y pide justicia

Hasta seis organizaciones civiles exigen a las izquierdas gallegas y estatales que se levanten y "usen sus privilegios" para denunciar este hecho y que no quede impune otro asesinato a una persona racializada.

Henry

Rematando o ano 2023, o mesmo día 25 de decembro, amanecimos cunha noticia estremecedora sobre o asasinato dun rapaz racializado por parte dun axente da Policía Nacional na cidade da Coruña.


Nas primeiras noticias colgadas na versión dixital dun coñecido xornal galego, fálase dun home emigrante perigoso que atacou a varias persoas no momento previo do asasinato e que foi "abatido" en defensa propia por un axente da policía nacional.

Dunha maneira descarada, a versión policial vai calando no noticieiro e mudando as circunstancias previas para xustificar a morte do rapaz. O propio xornal faise eco da publicación en redes do Sindicato Unificado de Policía, na que tachan de "delincuente" á víctima e "intento de asasinato cara ao axente" para rematar usando o verbo "abatir" coma se o rapaz fose un animal.

Unha entidade que coñecía a Henry ponse en contacto coa nosa entidade e a partir de ahí coñecemos á súa nai. Logo de falar con ela, decidimos personarnos como acusación popular contra o axente que disparou e matou a Henry.

A nai de Henry explícanos que padece unha enfermidade non tratada nese momento e que ela levaba

días avisando ás autoridades policiais e sanitarias da necesidade de medicalo. Porén ningunha resposta obtivo. Henry foi atendido dous días antes no servizo de urxencias onde lle deron o alta médica sen ningún tipo de tratamento ou control.



Os autos estiveron baixo secreto de sumario ate o mes de agosto de 2024. Na data de remate deste informe, contamos con todo o material de investigación: grabación das cámaras de seguridade, grabación da propia cámara do axene, informe de autopsia, informes de balística, da Policía Nacional e da uardia Civil, así como as declaracións do axente e o seu compañeiro.

En agarda do que suceda co procedemento penal, dende SOS RACISMO GALICIA consideramos que este é un exemplo claro de asasinato racista. A versión máis cruenta do abuso policial, do racismo sistémico dos CCFFSSE.

Se Henry tivese sido un mozo branco seguramente non estaríamos lamentándonos da súa morte. Pero Henry era un rapaz racializado, cun problema de saúde mental, que estaba só nun polígono industrial nun día que estaba totalmente pechado, rodeado por dous policías e un axente de seguridade (aos dous segundos da súa morte chegaron outros catro efectivos da policía local), asustado e sentenciado.

Agardamos que a presión social xerada coa morte de Henry, e o traballo das acusacións popular e particular consiga facer xustiza para el e a súa familia.



ARTIGO

O inimigo imaxinado - As comunidades Musulmás no contexto occidental

Lucía Tembrás Guimarey (Aisha)

Cando falamos de islamofobia, falamos dun profundo sentimento anti musulmán ou como a antropóloga e historiadora Salma Amazian categoriza, racismo anti moro. A miúdo presuponse a islamofobia como un mero sentimento antirrelixioso, pero, no contexto branco, occidental, situado xeograficamente no norte global e baixo unhas características culturais dominantes específicas, a islamofobia tipifícase indubidablemente como un tipo de racismo principalmente orientado cara ás comunidades norteafricanas Musulmás ou lidas como tal.

Aínda que é certo que só o 20% é de orixe árabe ou arabófono e o resto concéntrase en países do continente asiatico como Indonesia, país con maior número de Musulmáns do mundo, todavia persiste no imaxinario social occidental a idea de Musulmán como sinonimo de Árabe. Isto débese, segundo o sociólogo Ramón Grosfoguel, aos plans globais/imperiais occidentais para a dominación e a explotación do petróleo no Medio Oriente e a resistencia dos árabes ante iso. Tamén cabe mencionar a pervivencia deste estereotipo no contexto español por errónea asociación da migración proveniente de países próximos á península ibérica como Marrocos, Alxeria, Sahara… co concepto Musulmán/a, obviando incluso a existencia de persoas doutras relixións ou mesmo non practicantes, agnosticas ou ateas. Falamos por tanto de que as tres relixións monoteístas xorden na mesma zona xeográfica e expándense por todo o mundo en maior ou menor medida, pero que para o contexto occidental é aceptable recoñecer a relixión cristiá como global e parte das súas propias culturas, pero cando falamos da relixión Musulmá esta ecuación nin sequera é posible poñela sobre a mesa. A isto é ao que se lle denomina pacto racial, dividimos a sociedade en suxeitos e comunidades desexables e non desexables en función das súas características raciais e culturais, por iso xorde a simpatía coas persoas refuxiadas Ucraínas pero no caso do xenocidio Palestino non osbervamos a mesma conduta de macrosolidaridade..

Se falamos do transfondo da islamofobia, tal e como Grosfoguel menciona, esta é moito máis que un fenómeno social; é unha forma de racismo de Estado, estrutural e sistemático onde as institucións, a través das súas políticas, como as novas medidas antiterroristas, as políticas migratorias, o control das fronteiras, a Lei de Estranxeiría ou os discursos políticos, entre outros, perpetúan imaxes negativas e distorsionadas sobre o Islam e os Musulmáns/as, que se mostran como ultraconservadores homoxéneos, monolíticos e remisos ao cambio. Outórgase a etiqueta de "o outro" versus un "nós" e baixo unha suposta incompatibilidade cultural e relixiosa fronte aos determinados valores nacionais. A islamofobia constitúe só a punta do iceberg dunha colonialidade que posúe un carácter máis profundo, baseándose en toda unha estrutura cultural aprendida, oculta e arraigada a cal é produto do sistema-mundo occidentalizado, moderno/colonial, cristiano-céntrico, capitalista/patriarcal. Este imaxinario social estereotipado que se perpetúa cara á poboación Musulmá afecta a calidade de vida desta poboación desde a súa infancia ata practicamente o fin da súa existencia. Falamos de islamofobia desde que comezas a existir, no momento no que a túa nai dá a luz -tanto desde o punto de vista da violencia obstétrica como mesmo en poder usar o hiyab no momento do parto- , a inscrición do teu nome no rexistro ou o dereito á alimentación halal no propio hospital. Practicamente dende que naces comezas a sufrir violencia. Nas aulas, na relación cos teus compañeiros/as ou mesmo co profesorado baixo un trato diferenciado. No comedor ao atoparse obrigado/a á comer vexetariano ou menú simplemente sen porco porque nin se contempla a opción dunha alimentación halal. Nos procesos de selección de emprego ou na procura de vivenda, pola túa aparencia, polo teu nome e apelidos, polo uso do hiyab… no supermercado mediante a sobrevixilancia, nas relacións de parella mixtas mediante as dinámicas de poder, na rúa baixo as miradas da xente, os ocos baleiros ao teu lado no transporte público porque ninguén quere sentar ao teu carón e as paradas aleatorias inxustificadas por parte da policía, que realmente nunca che fan se te chamas María e es branca, pero que en cambio sofres en múltiples ocasións ao longo da túa vida se te chamas Mohamed ou Khadija. -E sobre todo se te chamas Mohamed, xa que o imaxinario social occidental deshumaniza e visualiza ao home Musulmán como

máis patriarcal, máis violento, máis problemático- Mesmo cando faleces nin sequera podes facelo dignamente por que carecese de espazo para o enterramento Islámico, só che queda viaxar a outros lugares do territorio español (se é que hai parcelas dispoñibles) ou se tes familiares noutro país, repatriar o teu corpo baixo un elevado custo economico que non todo o mundo pódese permitir.

Á hora de falar dunha forma máis especifica da islamofobia de estado, é relevante destacar por unha banda os protocolos de radicalización islamista nos centros educativos que criminalizan á mocidade musulmá e/ou migrante, o cal co simple feito de que o profesorado do centro de estudos posúa unha sospeita - en base a uns indicadores específicos- de que un alumno/a pode formar parte dun proceso de radicalización ábrese un procedemento policial. Indicadores tales como comer carne halal, levar hiyab, non pintarse as uñas ou non celebrar o nadal entre outros aspectos comúns do día a día de calquera persoa que profesa a relixión Musulmá. Esta situación visualízase tamén no ámbito da prisión baixo o denominado Programa marco de intervención en radicalización violenta con internos islamistas mediante o cal se segue a mesma dinámica criminalizadora, xa que unha simple sospeita do funcionariado de prisións, baseada en indicadores como rezar na celda, solicitar comida halal, rezar en grupo, etcétera, pode conlevar a inclusión da persoa privada de liberdade en réxime FIES baixo pleno illamento e control.

Pero, se falamos de islamofobia, non podemos esquecer falar do fenómeno da islamofobia de xénero ou tamén coñecido como discriminación multiple ou interseccional. Este termo acuñado pola académica afroamericana Kimberlé Crenshaw na década de 1980 fai referencia neste caso a como as experiencias de discriminación das mulleres Musulmás non poden entenderse simplemente a través da lente do machismo ou do racismo por separado, senón que resultan da intersección de ambos os xa que a discriminación non é un fenómeno unidimensional, recoñecendo que as persoas teñen identidades complexas e que a discriminación pode manifestarse de maneiras diferentes e entrelazadas en función de determinadas caracteristicas das propias identidades. As mulleres Musulmás sofren por unha banda tanto a estrutura patriarcal como a estrutura colonial, sendo o seu corpo o principal campo de batalla baixo a instrumentalización do uso do hiyab e outras vestimentas de carácter islamico. Estamos practicamente afeitos e sobre todo afeitas escoitar constantemente o comentario relativo ao hiyab como símbolo de opresión desde o punto de vista está claro dunha persoa non Musulmá e principalmente de contextos non Musulmáns. A muller Musulmá debe de encaixar o ideal de beleza e sobre todo de liberdade establecido polo contexto e poboación occidental, de feito, isto non é algo novo, xa que baixo o inicio da era colonial no continente africano, se realizaban cerimonias de desvelo onde os colonos occidentais arrincábanlle o hiyab ás mulleres locais. Isto mesmo sucede no contexto europeo na actualidade mediante a prohibición do bañador integral ou o uso do velo no centro educativo en lugares como Francia. En teocracias como Irán o reto é quitarse o hiyab pero en democracias como Francia o reto é poñelo, xa que ningún estado debe decretar como debe de vestir unha muller. Practicamente o seu modus operandi baséase en promover cegamente a asimilación cultural para que os pobos e comunidades que posúen aspectos culturais diferentes aos predominantes no contexto occidental abandonen as suas costumes, a súa relixión, as súas identidades e mesmo as súas linguas. Cando estas comunidades resístense convértense en inasimilables e polo tanto en inimigos do estado.

Como conclusión, cabe remarcar que é crucial comprender que a Islamofobia non só ameaza os dereitos e a seguridade das persoas Musulmás senón que tamén socava os valores fundamentais da sociedade democrática e plural que se pretende perseguir. e que ademais debemos unha reparación ás comunidades historicamente discriminadas. A loita contra a islamofobia require un compromiso colectivo para promover a educación intercultural, o diálogo interreligioso e o respecto mutuo. En última instancia, abordar a Islamofobia require un enfoque integral que combine medidas lexislativas, educativas e sociais para combater a discriminación e fomentar a inclusión e a igualdade de oportunidades para todos os membros da sociedade.





RACISMO E XENOFOBIA NA GALIZA
INFORME ANUAL 2023

SOS RACISMO GALICIA

A CORUÑA
Rúa Alcalde Lens, 34 1ºC (15010)
(+34) 698 163 742
info@sosracismogalicia.org
oidsosracismogalicia@gmail.com

VIGO
Rúa Zaragoza, 3 baixo
(+34) 678 811 714
vigo@sosracismogalicia.org